

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NO CONSELLO DO ESTUDANTADO

Acordo da Comisión Electoral Central do 16 de outubro de 2023

De conformidade cos Estatutos e o Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela (REX), a Comisión Electoral Central, na súa reunión do día 16 de outubro de 2023, acordou convocar a elección dos representantes do estudantado da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS) no Consello do Estudantado, segundo as seguintes regras de desenvolvemento, aprobadas pola citada Comisión:

Primeiro .- *Convocatoria.*

Elección de catro representantes do estudantado da EDIUS no Consello do Estudantado (un por sección).

Segundo.- *Calendario electoral.*

O calendario electoral será o que figura como anexo I desta convocatoria. A votación efectuarase o **día 27 de novembro de 2023**, en horario ininterrompido desde as 9:00 ata as 18:00 horas.

Terceiro.- *Electores e elixibles.*

Serán **electores e elixibles** en cada sección os/as representantes que forman parte de cada unha delas no Comité de Dirección da EDIUS. Os censos estarán a disposición para consulta na Reitoría (dependencias da Secretaría Xeral), na Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo así como nos lugares habilitados para estes efectos na EDIUS. Así mesmo, poderá consultarse a inclusión nos censos de xeito individualizado na aplicación electoral: <https://aplicacions.usc.es/axe/publica>.

Cuarto.- *Presentación de candidaturas e outros escritos.*

A presentación das candidaturas e dos escritos relacionados con esta convocatoria deberá realizarse a través da aplicación electoral: <https://aplicacions.usc.es/axe/publica> antes das 14:00 horas do día no que remate o prazo de presentación. Para acceder á aplicación electoral os/as electores/as terán que identificarse mediante as claves de acceso corporativas da USC. O alumnado poderá acceder á aplicación desde a Secretaría Virtual.

Quinto.- *Suposto no que non procede realizar votación.*

Ao elixirse un representante de cada sección, non será preciso realizar votación nas seccións nas que se presente unha única candidatura.

Sexto.- *Procedemento electoral.*

O procedemento electoral será de votación electrónica.

Para efectuar a votación os/as electores/as terán que conectarse a través da súa Secretaría Virtual, ou ben a través da aplicación electoral: <https://aplicacions.usc.es/axe/publica>. En caso de non poder conectarse, porase en coñecemento da Comisión Electoral Central ou da Secretaría Xeral a efectos de que se tomen as oportunas medidas e resolver a incidencia. A comunicación farase a través da conta de correo evoto@usc.es.

Os/as electores/as identificaranse coas claves de acceso á Secretaría Virtual.



Disposición adicional

Este proceso electoral rexerase polo establecido nesta convocatoria, polo REX en todo o que sexa de aplicación e, supletoriamente, pola regulación electoral xeral e de administración electrónica que sexa de aplicación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O reitor

Antonio López Díaz

Taboleiro de anuncios da Reitoría, da Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo, da EDIUS e taboleiro electrónico

ANEXO I

| | |
|---|---|
| Exposición do censo provisional | 17-23 de outubro |
| Reclamacións ante a Secretaría Xeral contra o censo provisional | 17-23 de outubro |
| Resolución da Secretaría Xeral sobre rectificación do censo | 25 de outubro |
| Recursos ante a Comisión Electoral Central (CEC) contra o censo | 25-27 de outubro |
| Publicación do censo electoral definitivo | 30 de outubro |
| Presentación de candidaturas | 31 de outubro-10 de novembro |
| Proclamación provisional de candidatos/as | 13 de novembro |
| Recursos ante a CEC contra a proclamación provisional de candidatos/as | 13-15 de novembro |
| Proclamación definitiva de candidatos/as | 16 de novembro |
| Sorteo da letra de inicio de inscrición de candidatos/as nas papeletas electrónicas | 17 de novembro |
| Campaña electoral | 17- 23 novembro |
| Xornada de reflexión | 24 de novembro |
| Votacións | Luns 27 de novembro (desde as 9:00h ata as 18:00h) |
| Proclamación provisional de candidatas/os electas/os | 28 de novembro |
| Recursos ante a CEC contra a proclamación provisional de candidatas/os electas/os | 28-30 de novembro |
| Proclamación definitiva de candidatas/os electas/os | 1 de decembro |

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
17/10/2023 13:01:42.

CSV: C4B4-F52B-45D5-8EDC